

REGULAMENTO XXXVII MARATÓN DE FÁTIMA-CAMPELO

1) Organizado polo Concello de Poio e a Asociación de Veciños de Campelo, celebrarase o día 24 de maio de 2026.

2) HORARIO.

A proba de adultos terá como hora de saída as 10:00 da mañá.

O control de chegada pecharase 60 minutos despois da hora de saída.

As probas de menores comezarán:

Xouba: 11:15 horas

Xurel: 11:25 horas

Ollomol: 11:40 horas

Chupete e biberón: 11:55 horas

3) A saída e a chegada estarán situadas na Praza da Granxa, na parroquia de Campelo (Poio).

4) INSCRICIÓNS.

A través da páxina web: www.carreirasgalegas.com (cubriendo o formulario de inscrición de maneira individual cos datos persoais) ata o 20 de maio de 2026 ás 23:59 horas.

Non serán válidas as inscricións que non se teñan formalizado dentro dos prazos fixados.

Na proba absoluta poderán participar todos aqueles atletas que non se atopen sancionados federativamente na data da competición.

No caso dos atletas estranxeiros, a súa participación axustarase ao reflectido na normativa da R.F.E.A.

A cota de inscrición é gratuíta para todas as categorías.

5) RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS.

Os dorsais e chips poderanse recoller o día 24 de maio de 2026, de 9:00 a 9:50 h na Praza da Granxa (lugar de saída da carreira).

No momento da retirada do dorsal poderase solicitar a presentación do xustificante de inscrición e o D.N.I. do participante.

6) CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías tanto en categoría masculina como feminina:

- Chupete: nados en 2026, 2025 e 2024 – 100 metros (non competitiva)
- Biberón: nados en 2023, 2022 e 2021 – 200 metros (non competitiva)
- Categoría xouba: nados entre 2020 e 2017 – 400 metros
- Categoría xurel: nados entre 2016 e 2013 – 800 metros
- Categoría ollomol: nados entre 2012 e 2009 – 3000 metros
- Senior: nados entre 2008 e 1989 – 7500 metros
- Máster A: nados entre 1988 e 1977 – 7500 metros
- Máster B: nados en 1976 e anteriores – 7500 metros
- Categoría absoluta – 7500 metros

7) PREMIOS:

Outorgaranse por clasificación en orde de chegada a meta, separando a categoría masculina e a categoría feminina.

Haberá premio para os tres primeiros de cada categoría desde a categoría xouba.

Tamén haberá premio para a primeira e o primeiro atleta local (empadroado en Poio) na carreira absoluta.

Os premios non serán acumulativos (agás atleta local).

Os premios entregaranse na Praza da Granxa sobre as 12:20 horas (20 minutos despois do peche de control).

8) CLASIFICACIÓNS.

As clasificacións oficiais son competencia do xurado da proba. A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces.

Será descalificado todo corredor que non complete o percorrido, circule por un lugar non indicado para iso, non cumpra coas indicacións dos xuíces ou controladores, non leve o dorsal no peito e o transpondedor (chip) correspondente, ou manifeste unha conduta inapropiada, así como quen falsee datos identificativos.

Así mesmo, será descalificado calquera atleta que, sendo consciente da súa imposibilidade de participar na proba, proporcione datos erróneos.

Para o non recollido neste regulamento seguiranse as normas da World Athletics, R.F.E.A. e Federación Galega de Atletismo para as competicións de probas en ruta.

9) OUTRAS DISPOSICIÓNS.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

